



45 | SETEMBRO 2021

**NUMAX
PRESENTA:**



Librería



Libro do mes

Toward the Sun
Regina Giménez

24.00€
FABULATORIO

Regina aprópiase de elementos extraídos do seu contexto orixinal para reorganizalos e reinterpretalos en novas composicións. A través da súa obra desenvolve unha investigación sobre o aspecto formal das representacións gráficas, traballando con distintas técnicas sobre soportes de diferente natureza: tea, metacrilato, cubertas de libros, álbums fotográficos...



Mutaciones en el espacio público
V.V.A.A.

15.00€
BARTLEBOOTH



Comando igualdad...
Chis Oliveira
Malvar e Priscila Retamozo Ramos

19.50€
CATROVENTOS



Afán. Raza, género y política cultural
Bell Hooks

22.00€
TRAFICANTE DE SUEÑOS



Queridos niños
David Trueba

22.90€
ANAGRAMA



Verano
Ali Smith

19.50€
NÓRDICA



Dónde estás, mundo bello
Sally Rooney

19.90€
LITERATURA
RANDOM HOUSE



Lejos de egipto
André Aciman

22.95€
LIBROS DEL ASTEROIDE



O xardin secreto
Frances Hodgson
Burnett (trad.
Carlos Freire)

17.00€
AIRA

Na librería



22 SET | 19:30

Rebeca Baceiredo
e Montse Dopico
presentan *Como não
ser, tranquilamente,
human@s* (ATRAVÉS)

> Noutros espazos



24 SET | 19:30

Amador
Fernández-Savater
presenta *La fuerza
de los débiles*

> Biblioteca Anxel Casal



13 SET | 17:30

Alberto Berzosa e
Xosé Manuel Buxán
Percorrido pola escena
*underground dos anos
70 e 80 en España*

> Sede Afundación



Estamos na
SELIC

do 10 ao 14
de setembro.
Rúa do Vilar

Fin de semana de 11:30 a 14:00
e de 16:30 a 21:00 horas
Venres, luns e martes
de 16:30 a 21:00 horas



Intemperiasdas
*Correspondencias
interartes con
Xela Arias*

Librería Numax
Abril-outubro 2021

Co apoio da

NUMAX



Sábado 18
de setembro | 13:30*
VERÓNICA VICENTE
[sen título]

*Prazas limitadas
Reserva previa en comunicacion@numax.org

Estreas



CANDYMAN ESTREA 3 SET

Nia DaCosta, 91', ING, VOSE, +16

Con Yahya Abdul-Mateen II, Teyonah Parris

Os residentes dun barrio de protección social de Chicago viviron sempre atemorizados pola lenda dun asasino sobrenatural chamado Candyman. Unha década despois, o artista visual Anthony McCoy e a súa moza, a galerista Brianna Cartwright, múdanse a un luxoso apartamento da zona, aburguesada co paso dos anos. Guión de Jordan Peele, director de *Déixame saír*.



A METAMORFOSE DOS PAXAROS ESTREA 3 SET

Catarina Vasconcelos, 101', PT, VOSG, +7

Con Manuel Rosa, João Móra

Beatriz e Henrique casaron o día que ela fixo 21 anos. Henrique, oficial da mariña, pasa longas tempadas no mar. En terra, Beatriz, que sempre tivo unha relación moi especial coas plantas, coida dos seus 6 fillos. Un día, de súpeto, Beatriz desaparece.

🏆 **Mellor Filme Zabaltegi-Tabakalera Donostia 2020**

➕ Presentación con Anxos Fazáns (3 SET, 19:20)



ADEUS, IDIOTAS ESTREA 10 SET

Albert Dupontel, 87', FR, VOSE, +12

Con Virginie Efira, Albert Dupontel

Cando a Suze Trappet lle comunican que está gravemente enferma, decide ir en busca do fillo ao que se viu obrigada a abandonar cando tiña 15 anos. Na súa busca coñece a JB, un cincuentón en plena depresión, e o Sr. Blin, un arquivista cego cun enorme entusiasmo. A comedia francesa do ano.

🏆 **7 Premios César 2020, incluídos mellor filme e dirección**



NORA ESTREA 10 SET

Lara Izagirre, 100', ESP, VO, +7

Con Ane Pikaza, Héctor Alterio

Nora ten 30 anos, vive co seu avó arxentino Nicolás e a súa vida non é a que imaxinaba. Ten pequenos traballos e apenas saíu do seu pobo. Cando perde o seu avó, decide iniciar unha viaxe pola costa do País Vasco para levar as cinzas ao carón das da súa avoa.

🎬 Zinemira Donostia 2020



CALAMITY ESTREA 17 SET

Rémi Chayé, 82', FR, VOSE, TP

1863, Estados Unidos de América. Nunha caravana que vai cara ao oeste o pai de Martha Jane resulta ferido, polo que ela debe conducir o carro familiar e coidar dos cabalos. Para montar mellor decide poñer pantalóns e cortar o pelo xerando así unha enorme polémica. Un magnífico western feminista.

🎬 Mellor Filme Annecy 2020



NEGRO PÚRPURA ESTREA 23 SET

Sabela Iglesias & Adriana P. Villanueva, 82', GAL, VO, +12

LSD, multinacionais farmacéuticas, pragas medievais, medicina popular e a CIA conectadas por un fungo alucinógeno coñecido como ouro negro na Galicia do século XX. *Negro Púrpura* retrata un dos lugares de maior produción a nivel mundial de *claviceps purpurea*: Galicia.

🔗 [Presentacións e coloquios coas directoras](#)



MAIXABEL ESTREA 24 SET

Iciar Bollain, 115', ESP, VO

Con Blanca Portillo, Luis Tosar

Maixabel Lasa perde o seu marido, Juan María Jáuregui, asasinado por ETA no 2000. 11 anos despois recibe unha petición insólita: un dos asasinos pide entrevistarse con ela na cadea de Nanclares de la Oca en Álava. A pesar das dúbidas e da inmensa dor, Maixabel accede.

🎬 Preestrea Donostia 2021

Retrospectiva Aki Kaurismäki



SOMBRAS NO PARAÍSO

PASES ÚNICOS 7 E 11 SET

Aki Kaurismäki, 76', FI, VOSE, 1986

Con Matti Pellonpää, Kati Outinen

Unha noite Nikander, condutor dun camión do lixo, ve morrer o seu compañeiro de traballo. Ao pouco coñece a Ilona, caixeira dun supermercado e namora dela. Primeira entrega da triloxía do proletariado de Kaurismäki, que se completa con *Ariel* e *A rapaza da fábrica de mistos*.



HAMLET MÉTESE A HOME DE NEGOCIOS

PASES ÚNICOS 14 E 18 SET

Aki Kaurismäki, 86', FI, VOSE, 1987

Con Pirkka-Pekka Petelius, Esko Salminen

No Helsinki actual, o príncipe Hamlet converteuse no accionista maioritario dun poderoso grupo empresarial que se inicia na fabricación de parruliños de goma. O poder político-nobiliario da fortaleza danesa é substituído polo económico-financeiro do capital finés.



ARIEL

PASES ÚNICOS 21 E 25 SET

Aki Kaurismäki, 70', FI, VOSE, 1988

Con Turo Pajala, Susanna Haavisto

Taisto Kasurinen vai a prisión por un crime que non cometeu. Na cadea soña con deixar a súa vida e empezar unha nova fóra do seu país. Un día consegue fuxir pero as cousas non saen como as tiña planeadas.



LENINGRAD COWBOYS GO AMERICA

PASES ÚNICOS 28 SET E 3 OUT

Aki Kaurismäki, 79', FI, VOSE, 1989

Con Matti Pellonpää, Leningrad Cowboys

Os Leningrad Cowboys e o seu mánager Vladimir viaxan a América buscando sona e fortuna. Mentres cruzan o país tentando chegar a unha voda en México, son seguidos polo parvo do pobo, que desexa unirse ao grupo.

Pases especiais



LA CAZA DE BRUJAS + ANTOÑITO VUELVE A CASA **PASE ÚNICO 11 SET**

Antonio Drove + Manuel Revuelta, 70',
ESP, 1967 - 1969, VO

Sonia García López programa e presenta unha sesión con dúas mediametraxes realizadas no seo da Escola Oficial de Cinematografía na década dos 60 e censuradas pola ditadura franquista.

[+](#) Presenta Sonia García López

WOS Festival X NUMAX



SISTERS WITH TRANSISTORS

PASE ÚNICO 11 SET

Lisa Rovner, 90', ING, VOSG

Mulleres como Eliane Radigue, Clara Rockmore, Daphne Oram, Bebe Barron, Maryanne Amacher, Wendy Carlos ou Laurie Spiegel son fundamentais para entender a música na actualidade. *Sisters with Transistors* achéganos ás pioneiras da música electrónica.

[+](#) Presentación e coloquio coa directora

DELIA DERBYSHIRE: THE MYTHS AND LEGENDARY TAPES **PASE ÚNICO 12 SET**

Caroline Catz, 98', ING, VOSG

Exploración da vida e a inmensa produción creativa de Delia Derbyshire, unha das mulleres pioneiras da música electrónica, construída con material de arquivo, entrevistas e recreacións da vida da creadora. Estrea en España.



[+](#) Presentación e coloquio coa directora



**OS OLLOS
VERDES**

Os filmes sinalados computan para o programa Os Ollos Verdes para estudantes universitarios. [En colaboración coa USC]



**SOMBRAS
NO PARAÍSO**

**HAMLET MÉTESE
A HOME
DE NEGOCIOS**

ARIEL

**LENINGRAD
COWBOYS
GO AMERICA**

**A RAPAZA
DA FÁBRICA
DE MISTOS**

**CONTRATEI
UN ASASINO
A SOLDADO**

**A VIDA
DE BOHEMIA**

**LENINGRAD
COWBOYS
MEET MOSES**

**NUBES
PASAXEIRAS**

JUHA

**UN HOME
SEN PASADO**

**LUCES
AO SOLPOR**

LE HAVRE

**O OUTRO LADO
DA ESPERANZA**

RETROSPECTIVA **AKI..** **KAURISMÄKI**

**SETEMBRO-
DECEMBRO 2021**

NUMAX

Coa colaboración de
GOLEM DISTRIBUCIÓN

**INFORMACIÓN
E ENTRADAS EN
NUMAX.ORG**

WOS
Festival x
SONIA
GARCÍA
LÓPEZ

Delia Derbyshire: The Myths and
Legendary Tapes
+ Caroline Catz
Sisters with Transistors
+ Lisa Rovner

WOS Cinema x Numax

www.wosfestival.es

Santiago de
Compostela

A COR
DAS
PALABRAS
2021

ENCON-
TROS
CON
CINEASTAS

SONIA GARCÍA LÓPEZ

Quen teme o lobo feroz?
A Escola Oficial de
Cinematografía
e a censura

Domingo 12
de setembro ás 11:30

Entrada gratuita até completar aforo
Reservas en
acordaspalabras@santiagodecompostela.gal

www.compostelacultura.org
CompostelaCapitalCultural
@CCultura

*O encontro vai ser retransmitido en directo
na páxina de Facebook de @numaxcoop

CONCELLO DE
SANTIAGO



**Filme
do mes:**

O MOVIMENTO DAS COISAS



ESTREA 17 SET

Manuel Serra, 85', PT, VO, 1985, TP

Un día de traballo nunha aldea do norte de Portugal. Camiños desertos de vento inquietante. Catro vellas, o campo, o pan, as galiñas. Historias de xestos saboreados en palabras mineralóxicas. Nese lugar, Isabel móvese coa mirada posta no futuro. Para os demais, o

sentido da vida é só vivir. E o tempo corre entre o amencer e o atardecer.

Este abraiante retrato dunha aldea situada nas beiras do río Limia é a única obra dirixida por Manuela Serra. Unha alfaia do cinema portugués estreada en 1985 que recuperamos en copia restaurada.

i Estrea absoluta en salas españolas

📖 *Encontros cinematográficos*
VV.AA. Stone and the Plot
20€

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org

**EUROPA CINEMAS**
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica

 Síguenos en @numaxcoop